

A XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA, VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Avenida María Victoria Moreno 43, 5º, 36003 Pontevedra)

DNA. SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ, Alcaldesa – Presidenta do Concello de Tomiño, segundo as competencias a esta atribuídas no artigo 21 da “Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local” e o artigo 61 da “Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia” e con domicilio a efectos de notificacións en Praza do Seixo s/n, CP 3670, Tomiño, ante esa administración comparece e, como mellor proceda en dereito,

Expón:

Que con data 3 de marzo de 2023 foi publicada mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia a “Resolución do 24 de xaneiro de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico), en concreto, das instalacións do parque eólico Torroña I, situado nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/24).”

Dentro deste trámite de información pública e logo de examinar a documentación presentada, por medio da presente, procede formular as seguintes alegacións:

PRIMEIRA.- Non adaptación do marco normativo de referencia para o desenvolvemento do sector eólico.

O Plan Sectorial Eólico de Galicia, foi aprobado antes da entrada en vigor da “Ley 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental”, no cal se establece o procedemento de avaliación ambiental estratéxica como un instrumento ao cal estarán sometidos todos aqueles Plans e Programas que adopten ou aproben as Administracións públicas e que establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación do impacto ambiental, entre outros, polo que este Plan non está adaptado as disposicións que se establecen nesta Lei o que limita a correcta avaliación dos impactos ambientais do presente proxecto ao ser o marco normativo no que se ampara o seu desenvolvemento.

SEGUNDA.- Fragmentación de proxectos

Estaban contemplados nos Concellos afectados por este proxecto (Tomiño, Oia e Baiona) un total de 3 parques eólicos en diferentes fases de tramitación (Albariño I, Toroña e Torroña I). Nos diferentes proxectos presentados pódese comprobar que algunhas das infraestruturas para as fases de construción, explotación e desmantelamento son comúns, polo que consideramos que todos eles deberían ser contemplados como un único proxecto e avaliados os seus impactos sobre o territorio de forma conxunta.

O Parque Eólico Albariño I acaba de recibir da Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático unha declaración de impacto ambiental negativa ao considerar que as actuacións proxectadas non son ambientalmente viables e foi publicada a



Resolución na que se denegan as autorizacións administrativas previa e de construción. Na documentación presentada para o presente proxecto faise mención a subestación de Barrantes que está contemplada no proxecto do parque eólico Albariño I e que está denegada a súa autorización, así que non podería ser empregada para a finalidade que se pretende.

Ademais as poligonais dos diferentes parques solápanse entre si e están dentro das mesmas Áreas de Desenvolvemento Eólico.

Os parques eólicos de Toroña, Torroña I e Albariño I (autorización denegada), comparten a Subestación Eléctrica de Barrantes e liña de evacuación á rede eléctrica, polo tanto funcionarían de feito como unha única instalación de xeración de enerxía eléctrica, cun total de 20 aeroxeradores e cunha potencia de 95 MW. O *“Decreto 413/2014 de 6 de junio, por el que se regula la actividad de producción eléctrica a partir de fuentes de energía renovables, cogeneración y residuos”*, establece no seu artigo 35.1.a.i que corresponderá á Administración Xeral do Estado a tramitación das instalacións peninsulares, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación cunha potencia instalada superior a 50MW.


Polo que, consideramos que á vista do anterior todos estes Parques Eólicos deberían ser considerados como unha única instalación cunha tramitación común, que permitise avaliar correctamente as afeccións ambientais derivadas da construción, funcionamento e desmantelamento de ser o caso.

No Estudo de impacto ambiental do Parque Eólico Torroña I está incluído un Estudo de sinerxias e efectos acumulativos, que contempla os efectos acumulativos e sinérxicos cos parques en tramitación situados ata unha distancia de 15 km. A vista das últimas modificacións producidas nalgúns destes parques (resolución na que se denegan as autorizacións administrativas previa e de construción do Parque Eólico Albariño I, declaración de impacto ambiental negativa e modificación da ubicación dos Aeroxeradores do Parque Eólico Toroña) este Estudo de sinerxias e efectos acumulativos debería de ser revisado.

TERCEIRA.- Incorrecta valoración do impacto sobre as augas e a rede hidrolóxica

Consta no proxecto unha valoración do impacto sobre rede hidrolóxica que é insuficiente. Non está contemplada a afección das infraestruturas sobre a totalidade das canles catalogadas segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Tomiño (aprobación definitiva 29 de marzo de 2001), á vista do que se desprende da documentación presentada.





Poligonal PE Torroña I
Canles avaliadas no proxecto
Canles non avaliadas no proxecto

No apartado 7.4.8 do Estudo de impacto ambiental menciónase a existencia de captacións de auga para consumo humano presentes no ámbito do Parque Eólico pero non se realiza unha avaliación sobre o impacto que as obras van a producir nestas captacións.

CUARTA.- Incorrecta valoración sobre os cambios nos usos do solo

Os terreos sobre os que se proxecta a construción do Parque Eólico Torroña I pertencen a diversas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, polo tanto son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables e, segundo o artigo 6 da “Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común”, só poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalecente ao dos propios montes veciñais.

No Estudo de impacto ambiental faise mención a presenza destes Montes Veciñais en Man Común aínda que non se fai unha valoración do impacto da construción do Parque Eólico sobre estes espazos. Consideramos que as obras terán impacto sobre estes montes provocando unha perda de superficie produtiva, xa que, como se menciona no apartado 7.2.1 do Estudo de impacto ambiental, na zona existe presenza de vexetación asociada a repoboacións forestais.

Menosprézase o impacto que a construción do Parque Eólico Torroña I provocará nos usos do solo, xa que se menciona no apartado 8.4.16 do Estudo de Impacto ambiental que non se provocarán cambios nos usos do solo. Resulta evidente que a construción das infraestruturas si que provocará cambios nos usos do solo que derivan na perda da superficie produtiva dos Montes veciñais en Man Común presentes na zona e en consecuencia produciráse un impacto sobre a actividade principal destas Comunidades de Montes, que debería ser avaliada no Estudo de impacto ambiental.

QUINTA.- Falta de valoración das emisións de CO2 a atmosfera



Na valoración de impactos sobre o clima e o cambio climático non se fai a valoración das emisións de CO₂ á atmosfera que terán a utilización das diferentes materias primas e a súa fabricación, nin as emisións de CO₂ asociadas á maquinaria na fase de explotación, tan só se fai mención ás emisións asociadas á utilización dos vehículos durante a fase de construción. Do mesmo xeito non se ten en conta o que deixarán de captar as masas forestais que se van eliminar coa construción.

Cando se valora a redución das emisións asociadas ao cambio de produción da enerxía de fontes non renovables a renovables, faise unha comparación entre a enerxía xerada polo parque eólico e a mesma enerxía xerada por unha central térmica de carbón. Consideramos que esta redución non debe ser comparada coa produción dunha central térmica de carbón, xa que de entre todas as fontes de produción de enerxía eléctrica presentes en España, as centrais térmicas de carbón son as que contan con unhas emisións de CO₂ máis altas, pero actualmente tan só representan un 2% do mercado eléctrico español, segundo os datos do informe do sistema eléctrico español do ano 2021, realizado por Red Eléctrica de España.

SEXTA.- Incorrecta valoración do impacto sobre a poboación

Na documentación presentada non se fai unha avaliación dos efectos significativos sobre a poboación tal e como establece o artigo 35 da *Ley 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental*.

Nas zonas próximas á área de execución do proxecto existen numerosos núcleos de poboación que nas súas actividades diarias teñen interaccións cos servizos que prestan os montes sobre os que se sitúan as infraestruturas e que inevitablemente se verán alterados. Os montes son empregados pola poboación como fonte de alimento para o gando, espazos de ocio ou como lugares onde levar a cabo diversas actividades deportivas e non aparece contemplado na avaliación dos impactos do proxecto.

Ademais tampouco se ten en conta a ampla oposición social que todos estes parques eólicos proxectados para a Serra da Groba, a Serra do Argallo, Lousada e a Valga teñen dende fai anos.

SÉPTIMA.- Falta de valoración sobre os cabalos do monte

Na zona onde se proxecta realizar o parque eólico existe unha importante presenza de cabalos de monte ou garranos (figura senlleira e singular que debería estar máis protexida), e aínda se mantén a realización de curros, como o de A Valga ou o de Torroña, no Concello de Oia. Na documentación presentada faise mención á súa presenza aínda que non se avalían as repercusións que as distintas fases do proxecto terán sobre estas poboacións, limitándose a mencionar que non terá unha afección significativa.

Consideramos que si existirá afección ás poboacións presentes na zona xa que as obras van alterar o territorio, provocando o desprazamento destes animais cara outros lugares, debido ao aumento do ruído, á destrución das súas zonas de alimentación e refuxio ou ó aumento da presenza de persoas e vehículos na zona. Estes desprazamentos producirán á súa vez problemas sociais, pois ó ver reducido o seu territorio desprazaranse cara zonas habitadas



provocando un aumento dos danos en propiedades privadas e posibles accidentes pola súa presenza nas vías de comunicación.

OITAVA.- Falta de medidas para evitar a expansión de especies incluídas no Catalogo Español de especies exóticas invasoras.

Os movementos de terras asociados a construción de infraestruturas son unha das vías de dispersión das especies exóticas invasoras, especies como a *Cortaderia selloana* (herba da pampa) ou a *Acacia melanoxylon* (acacia negra), cunha gran presenza en Galicia, son especies pioneiras e oportunistas que colonizan zonas como as marxes dos noiros con moita rapidez. Os movementos de terras e a eliminación da vexetación que se producirá na fase de construción da obra é unha das vías para a dispersión destas especies.

Non se fai mención a se existe na zona presenza ou non de especies incluídas no Catalogo Español de Especies exóticas invasoras, nin se avalían as medidas a tomar para evitar a súa dispersión no caso de que exista presenza.

NOVENA.- Deficiente valoración dos impactos sobre a vexetación, fauna e Espazos Naturais Protexidos

Dende este Concello consideramos que o alcance do inventario ambiental, así como a identificación e a valoración dos impactos teñen múltiples deficiencias.

- Vexetación

Pola implantación do proxecto do Parque Eólico Torroña I resultará afectada vexetación correspondente co Hábitat de Interese Comunitario Prioritario 4020 “Brezales húmidos Atlánticos de zonas templadas de *Erica ciliaris* y *Erica tetralix*” e co Hábitat de Interese Comunitario Non Prioritario 4030 “Brezales secos europeos” segundo o punto 8.4.8 do Estudo de Impacto Ambiental.

Sendo cualificado o impacto que se orixinará nos hábitats prioritarios presentes como inexistente e os hábitats non prioritarios presentes como moderado en fase de construción e moderado en fase de explotación, cando, en atención á irreversibilidade dos efectos que se poden orixinar sobre ditos hábitats, a cualificación do impacto debería ser a de severo en fase de construción e, cando menos, moderado en fase de explotación para os dous tipos de hábitats mencionados.

- Fauna

Tal e como se contempla no apartado 7.2.2.1 do Estudo de Impacto Ambiental, a zona de implantación do Parque Eólico Torroña I atópase incluída en zona de distribución potencial no Plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia, aprobado por “Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica del escribano palustre (*Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia” fixando o art. 9 de dita disposición, o seguinte:



“En todos aquellos territorios de Galicia incluídos en la zonificación del escribano palustre serán de aplicación, con carácter general las siguientes normas:

b) Tanto los proyectos comprendidos en el ámbito de aplicación del Real decreto legislativo 1/2008, de 11 de enero, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de evaluación de impacto ambiental de proyectos, como los planes y programas comprendidos en el ámbito de aplicación de la Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente, cuando puedan afectar al hábitat de la subespecie lusitánica del escribano palustre, deberán evaluar sus efectos sobre el mismo y sobre la posible recuperación de su población”.

O cal non se ten cumprimentado na documentación presentada, ao determinarse simplemente que non se considera que a zona sexa susceptible de constituír unha zona de presenza e que non afectará a poboación da mencionada especie, sen avaliar os efectos da construción do Parque Eólico nin sobre a posible recuperación da súa poboación, nin establecer medidas correctoras nin compensatorias, máis alá de establecer un plan de vixilancia ante posibles avistamentos.

Atopándose incluído dito ámbito na Zona 3 do Plan de Xestión do Lobo en Galicia, aprobado por Decreto 297/2008, do 30 de decembro, no punto 18 do cal, se sinala que:

“5. La Dirección General de Conservación de la Naturaleza fomentará que en las evaluaciones de impacto ambiental de proyectos de implantación eólica se incluyan datos sólidos sobre la presencia de lobos en sus áreas de influencia y se realice una evaluación y seguimiento de las afecciones de la instalación eólica sobre la población de lobos; estructura social, zonas de cría, uso del espacio, etc. Además se realizará un estudio de cuestiones como la estructura social de las manadas, productividad, mortalidad, uso del espacio y selección de zonas de cría en zonas con y sin parques eólicos, entre otras, que permitirán evaluar el impacto de los parques eólicos en los lobos”.

Sendo a única referencia a esta especie a súa inclusión na lista de mamíferos do apartado 2.2.2 do Estudo faunístico incluído no Estudo de impacto ambiental, sen realizar ningún tipo de avaliación nin seguimento das afeccións.

Polo que respectaría ás especies de quirópteros, as cales resultan especialmente afectadas por este tipo de instalacións, as campañas de detección realizadas son manifestamente deficientes, xa que nin sequera cobren un ciclo biolóxico anual de actividade, segundo se indica no apartado 3.4 do Anexo C “Estudo Faunístico Anual”. As campañas foron realizadas de xuño a outubro de 2022 e deberían realizarse polo menos de abril a outubro.

Identifícanse as especies de morcego enano (*Pipistrellus pipistrellus*), morcego hortelano (*Eptesicus serotinus*), morcego de bosque (*Barbastella barbastellus*), morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) (incluída esta última no Catálogo Galego de Especies Amenazadas e no Catálogo Nacional de Especies Amenazadas, na categoría de “Vulnerable” en ambos casos).



No referente ás especies de anfibios, sinalar que 13 das 14 especies presentes en Galicia están presentes na Serra da Groba, sendo algunha delas escasas no contexto galaico, e moi escasas no contexto das Rías Baixas; nesta zona tamén se atopan un mínimo de 15 das 26 especies de réptiles presentes en Galicia.

Debendo porse de manifesto a afección a unha das tres poboacións de sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*) que quedan na provincia de Pontevedra, e a que se considera máis numerosa a día de hoxe, tamén se ten constatada a presenza do escáncer ibérico (*Chalcides bedragai*) nunha das poucas poboacións rexistradas na provincia de Pontevedra e outras especies como a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitania*) a rela (*Hyla molleri*) ou a rá patilonga (*Rana iberia*). Todas elas incluídas no Anexo II do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, aprobado por Decreto 88/2007, do 19 de abril, coa categoría de “vulnerable”.

Considerándose que, en atención á afección que se orixina á fauna da zona tanto na fase de construción como posteriormente na fase de operación (fundamentalmente ás especies de aves, quirópteros, anfibios e réptiles), o impacto debería ser cualificado como severo en lugar de moderado e compatible.

- Paisaxe

Na zona de execución do proxecto atópase a Area de Especial Interese Paisaxístico Serra da Groba e a Area de Especial Interese Paisaxístico Corroubelo, e aínda que ningún dos aeroxeradores proxectados se atopa dentro desta área, si que se atopan o suficientemente cerca como para xerar impactos sobre estas AEIPs, na zona tamén se atopan as seguintes AEIPs que se verán afectadas pola construción do Parque Eólico, Muíños do Folón e do Picón, Chan da Valga, Montes de Facho e Tetón, Devesa da Costa e Pego Negro. Consideramos que as medidas propostas no proxecto non son suficientes para minimizar estes impactos, diminuíndo o valor estético e panorámico destas AEIP.

DÉCIMA.- Antecedentes doutros parques na zona

O presente informe contén diversas consideracións que xa foron postas de manifesto no período de Información pública do proxecto do parque eólico Albariño I e o Parque Eólico Torroña e que son comúns no caso do Parque Eólico Torroña I ao estar situado na mesma zona.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda emitiu Declaración de impacto ambiental desfavorable do Parque Eólico Albariño I, situado na mesma zona que o Parque Eólico Torroña I, polos efectos significativos do proxecto sobre a paisaxe e a insuficiente integración cos distintos elementos do patrimonio natural e a biodiversidade e polo tanto a actuación proxectada non resultaría ambientalmente viable.

Finalmente, a problemática relativa á implantación de parques eólicos ten sido analizada a nivel plenario por este Concello na súa sesión de data de 12 de xaneiro de 2021, na cal, téndose posto de manifesto o imprescindible de ter en conta aos propietarios afectados, se acordaría:



“ACORDOS:

1. Denunciar diante da Xunta de Galicia o modelo opaco seguido na adxudicación e tramitación dos parques eólicos que afectan á Serra da Groba.
2. Esixir á Consellería de industria a paralización dos proxectos en marcha e a modificar a normativa que os regula”.

E na súa sesión de data de 31 de maio de 2021, o seguinte:

“Por todo o exposto, o pleno do concello acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galicia e o papel doutras tecnoloxías.
2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que una parte das compoñentes sexan desenvoltas en Galiza.
3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agro gandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.
4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática.

Singularmente:

a) Paralizar cauteladamente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país, para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que



comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOGA, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación”.

Debendo sinalar que por parte do Concello de Tomiño se valora de modo positivo o uso das enerxías limpas e renovables como a eólica, se ben se considera que este debe ser articulado tratando de minimizar as afeccións que se orixinan sobre o medio, motivo polo cal, a maiores do Informe remitido por este Concello no trámite de audiencia e consultas desenvolto por este Ente Local, interesa formular o presente escrito de alegacións en defensa dos intereses dos veciños do municipio.

En Tomiño, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa, Sandra González Álvarez

